

FAQS

Programa de desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación



1) ¿Qué esforzo/dedicación requírese para acceder ao programa e nas Fases I e II?

Participar no programa é moi sinxelo. Debes mostrar o teu interese entregando a ficha de produto do programa (máximo 5 páxinas) na Fundación. En caso de acceder á Fase 2, será necesario intercambiar información e participar en reunións de traballo coa empresa externa encargada da análise da túa tecnoloxía. Presúmese unha carga de traballo similar para a Fase 3 cun intercambio de información e puntos de vista para a elaboración do plan de codesenvolvemento final

2) ¿Qué esforzo/dedicación requírese se alcanzo a Fase 4 (codesenvolvemento) ?

É moi importante que os grupos de investigación se involucren con alto compromiso na última fase (Fase4). Se finalmente conséguese financiamento presúmense varias reunións de traballo e cooperar na elaboración técnica de pregos de licitación para a atracción de empresas á fase de codesenvolvemento.

3) ¿Terei dereitos sobre a Propiedade Intelectual xerada?

Si. Cada proxecto será analizado de forma individual. A distribución dos dereitos do PI efectuarase de conformidade co coñecemento previsto do Grupo de Investigación e do coñecemento xerado na etapa de codesenvolvemento e normativa de CPI.

4) Coñezo moi ben o meu proxecto e xa traballei con varias empresas / startups. ¿Poden participar as empresas coas que habitualmente colaboro na etapa de codesenvolvemento?

Si, a condición de que se presenten e gañen os concursos para o codesenvolvemento (Fase 4). No marco dos esquemas de financiamento do PRIS-1, as empresas que non gañaban o concurso, non podían participar na Fase 4 de codesenvolvemento.

5) ¿Cando e cómo se van a publicar os pregos para a selección da empresa?

Descoñecemos as datas exactas por dificultades legais na asignación de fondos e a formalización dos futuros concursos. Os Grupos seleccionados para a Fase 4 de codesenvolvemento deben ter unha actitude flexible con este programa. Espérase un alto compromiso do grupo de investigación para traballar coordinadamente coa Administración na elaboración e preparación de información técnica dos concursos dos próximos anos.